



CONCELLO
DE
VALDOVIÑO

DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA N° 181/2013

O Concello de Valdoviño, solicitou ao abeiro do Programa de limpeza de praias dirixido a concellos da provincia, anualidade 2013, da Excma. Deputación Provincial de A Coruña, subvención para contratar persoal.

Recibida comunicación da Deputación Provincial de resolución de concesión de subvención, en uso das facultades que me confire o artigo 21 apartado g) da lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na súa nova redacción modificada pola Lei 11/99, e 57/2003, polo presente, **ACORDO**:

Primeiro: Iniciar proceso de selección para contratación de persoal para a CAMPAÑA DE LIMPEZA DE PRAIAS, 2013, subvencionada nun 80% pola Excma. Deputación Provincial de A Coruña (Programa FO023A/2013, convocatoria publicada no BOP n° 31, do 14 de febreiro de 2013.

A convocatoria publicarase nun diario dos de maior tirada da provincia e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Segundo: Aprobar as bases do proceso selectivo, que de seguido se transcriben:

BASES XERAIS E ESPECIFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA URGENTE PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PEÓNS PARA A CAMPAÑA DA LIMPEZA DE PRAIAS 2013.

Primeira.- Obxecto: Esta convocatoria ten por obxecto cubrir con carácter urgente, mediante concurso e entrevista persoal, , VINTE E OITO (28) prazas de peóns a media xornada (Dende o 1 de xullo a 30 de setembro de 2013- ámbolos dous incluídos, (persoal laboral temporal); ao abeiro da subvención (nun 80%) da Excma. Deputación Provincial de A Coruña, segundo Convocatoria dirixida aos concellos da provincia para limpeza de praias, anualidade 2013 (BOP n° 31 de 14/02/13). (Programa FO023A2013).

Retribucións dos peóns: salario bruto de 322,65 euros mensuais mais a parte proporcional de pagas extraordinarias.

Segunda.- Requisitos dos aspirantes.

Para tomar parte no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos :

Requisitos xerais:

a. Ser español/a ou nacional doutro Estado membro da Comunidade Europea nos termos previstos nos art. 57 a 58 da Lei 7/2007 pola que se derroga a Lei 17/1993, do 23 de decembro, sobre acceso a determinados sectores da Función pública dos nacionais dos demais membros da Comunidade Europea. Poderán participar nos procesos selectivos nacionais doutros Estados da Unión europea e/ou extranxeiros residentes en España, sen necesidade de que se inclúa expresamente nas Bases específicas de cada convocatoria, de acordo coa Lei Orgánica 4/2000 de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.



- b. Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa (modificación introducida polo art. 56.1 c) da Lei 7/2007.
- c. Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a dita praza. As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo, sinalando si precisan adaptacións para realización das probas e especificando tales adaptacións.
- d. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme.

Os requisitos xerais acreditanse declarando, na propia solicitude de participación (instancia)

Requisitos específicos:

Estar inscrito coma desempregado no Servizo Público de Emprego de Galicia, coma demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego.

Tódolos requisitos anteriores, deberán terse no momento da presentación dos aspirantes ó proceso de selección.

Terceira.- - Sistema de selección

A selección dos candidatos realizase polo sistema de concurso e entrevista persoal.

Concurso:

- Cargas familiares.- Ata un máximo de 2 puntos.

- Puntuarase 0,5 puntos por cada membro da unidade familiar que estea desempregado e inscrito como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego e non estea percibindo nin teña dereito a percibir ningún tipo de prestación.
- Por cada fillo menor de 18 anos que conviva no fogar do aspirante á praza ó seu cargo e que non perciba retribucións, 0,25 puntos.

Acreditarase mediante copia do libro de familia, certificado de empadramento colectivo, copia da/s tarxeta/s de demandante/s de emprego da unidade familiar e declaración xurada sobor dos membros que non perciben ningún tipo de prestación.

Entrevista persoal que se realizará a todos os aspirantes que presentaran a instancia correspondente, o día **26 de xuño de 2013**, ás **9 HORAS** na **Casa do Concello**; cunha puntuación máxima de 1 punto.

Empate na orde de puntuación

En caso de empate, a orde de puntuación dos candidatos establecerase como segue:

- 1.- Puntuación do concurso



2.- Puntuación da entrevista

Cuarta.- Presentación de instancias.

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixiranse ao Sr. Alcalde do concello de Valdoviño, no modelo oficial que se facilitará no rexistro municipal. Presentaranse no Rexistro municipal, **durante o prazo de 20 de xuño ao 25 de xuño de 2013 ; en horas de 9:00 a 13:00 e o sábado día 22, de 10:00 a 13:00 horas.**

Á instancia achegarase inexcusablemente:

Instancia segundo modelo facilitado polo concello.

Fotocopia do DNI debidamente dilixenciada.

Copia do libro de familia, certificado de empadramento colectivo, copia da/s tarxeta/s de demandante/s de emprego da unidade familiar e declaración xurada sobor dos membros que non perciben ningún tipo de prestación.

Quinta.- Composición do Tribunal.-

O tribunal nomearase de conformidade co artigo 55.1.c) e d) e art. 60 da lei 7/2007 do Novo Estatuto do empregado público, así como garantindo a paridade na súa composición, de conformidade co establecido na Lei de Igualdade do Home e da Muller e estará composto do seguinte xeito:

A * Presidente: Titular: A Secretaria do Concello, Carlota González Navarro, ou funcionario en quen delegue.

B * Secretario que actuará con voz e voto: Pilar Rivera Rodríguez, ou funcionario en quen delegue.

C * Vocais: O tribunal componse garantindo a composición eminentemente técnica e paritaria deste órgano colexiado (en base ao principio de especialidade/ idoneidade). Asemade, garantirase a composición impar deste órgano de selección, cun mínimo de 5 membros (incluídos Presidente e Secretario), designándose polo tanto 3 vocais titulares:

- Dona M^a del Carmen Lamas Rodríguez.
- D. Vicente Bogo Dopico.
- D. Santiago López Vilela.

En caso de non poder asistir os titulares do Tribunal, nomearanse suplentes, respetando as necesidades do servizo nas oficinas municipais a efectos de que estean cubertos os distintos servizos municipais.

O Presidente do Tribunal poderá dispoñer a incorporación ao Tribunal doutros asesores especialistas para as probas que considere pertinentes, limitándose os devanditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e actuando con voz pero sen voto.

O Tribunal non se poderá constituir nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, e resultando, en todo caso,



CONCELLO
DE
VALDOVIÑO

imprescindible a asistencia do Presidente e do Secretario. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes.

Os vocais do Tribunal, titulares e suplentes, que actúen nestas probas terán a titulación correspondente, de conformidade co artigo 4 do Real Decreto 896/91, e percibirán as gratificacións correspondentes segundo o Real Decreto 462/2002.

Sexta.- Resolución de dúbidas.- O Tribunal terá capacidade para resolver cantas dúbidas poideran presentarse.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir notificandoo ao órgano convocante e os aspirantes poderán recusalos cando concurren circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Os aspirantes deberán acredita-la súa personalidade coa exhibición do DNI.

Séptima.- Lista de seleccionados .- Substitucións e renuncias.-

Unha vez rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal publicará no Taboleiro de Edictos do Concello a relación de aprobados por orde de puntuación.

Tamén presentara unha lista de reserva por orde de puntuación, que poderán ser chamados en caso de que xurdan algunha renuncia, proceso de incapacidade para contratar, ou calquera outra circunstancia; sen necesidade de efectuar nova selección.

O Tribunal presentará ante o Órgano de Contratación a proposta dos/das candidatos/as que obtivesen maior puntuación para o seu nomeamento sen que en ningún caso exceda do número de prazas convocadas.

Os aspirantes propostos achegarán a documentación precisa para a súa contratación no prazo e forma que se lles indique ; dado o carácter urxente da contratación.

Así o mando e asino, na Casa do Concello de Valdoviño en data dezaoto de xuño de dous mil trece. Ante min a secretaria, Carlota González Navarro.



O alcalde,
Asdo. José Antonio Vigo Lago

Ante min, A Secretaria
Asdo.: Carlota González Navarro